



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 240

VII lexislatura

23 de novembro de 2006

Facículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.1. Leis e outras normas

1.1.1. Leis

—Lei de modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica 28888

—Lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia 28890

—Lei de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia 28892

—Lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia 28895

—Lei de creación do Colexio Profesional de Hixienistas Dentais de Galicia 28900

1. Procedementos de natureza normativa

1.1. Leis e outras normas

1.1.1. Leis

Lei de modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica

O Parlamento de Galicia, na sesión do día 21 de novembro de 2006, aprobou a Lei de modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2006

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

Lei de modificación da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica

Exposición de motivos

A Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 99, do 26 de maio, ten por obxecto a ordenación e a regulación da atención farmacéutica no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, en desenvolvemento dos artigos 28.8 e 33 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, sen prexuízo da competencia estatal atribuída polo artigo 149.1.16 da Constitución española respecto do establecemento e da coordinación xeral da sanidade, así como da lexislación sobre produtos farmacéuticos.

No seu artigo 19 a devandita lei regula as autorizacións das oficinas de farmacia, establecendo un procedemento que se axustará ao disposto nela, ás normas xerais de procedemento administrativo e ao que se estableza regulamentariamente nesta materia. O procedemento de autorización pode iniciarse por instancia dun farmacéutico interesado, por petición dos concellos ou dos colexios oficiais ou de oficio pola Consellería de Sanidade.

Dispón o número 4 que as oficinas de farmacia se outorgarán por concurso público, de acordo co baremo e procedemento que regulamentariamente se estableza, e no que necesariamente habrá de terse en conta a experiencia profesio-

nal, os méritos académicos, a formación posgraduada, o coñecemento da lingua galega, as medidas de fomento, mantemento e creación de emprego e calquera outro que se determine, tratándose en todo caso dun baremo equilibrado.

No número 5 recolle a imposibilidade de solicitar unha autorización dunha nova oficina de farmacia por parte dos farmacéuticos que cumprisen 65 anos ao inicio do procedemento e mais polos titulares dunha oficina de farmacia instalada na mesma zona farmacéutica.

En desenvolvemento desta lei ditouse o Decreto 146/2001, do 7 de xuño, sobre planificación, apertura, traslado, cerramento e transmisión de oficinas de farmacia, que dedica o título II ao procedemento de autorización e adxudicación de novas oficinas de farmacia. No artigo 22.4 dispón que en ningún caso poden solicitar a adxudicación dunha oficina de farmacia os farmacéuticos que tivesen 65 anos ou máis na data da convocatoria do concurso de adxudicación nin os titulares dunha oficina de farmacia na zona farmacéutica na que se pretenda abrir a nova, nin tampouco aqueles que estean inhabilitados ou incapacitados para o exercicio da profesión por sentenza xudicial firme penal ou civil.

Contra o devandito precepto a Federación de Empresarios Farmacéuticos de Galicia presentou recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Tras a deliberación do Recurso número 4787/2001, o órgano xurisdiccional, tras ouvir as partes, a través do Auto do 2 de decembro de 2004 decidiu formular ao Tribunal Constitucional unha cuestión de inconstitucionalidade en relación co número 5 do artigo 19 da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, por posible vulneración do artigo 14 da Constitución. Debátese nesta cuestión se a limitación por idade para participar no concurso público de adxudicación lesiona o dereito fundamental á igualdade recoñecido no artigo 14 da Constitución. O Tribunal considera que, aínda que a idade non é unha das circunstancias enunciadas no artigo 14, non debe entenderse que a enumeración efectuada no dito artigo ten unha intención tipificadora pechada que poida excluír outras das precisadas no artigo 14, pois na fórmula nel empregada alude a calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Así mesmo, estima que o artigo en cuestión establece unha prohibición con carácter xeral e non referida a concretas oficinas de farmacia, nas que puidesen concorrer determinadas

circunstancias singulares, razón pola que tamén podería entrañar unha vulneración do principio de igualdade.

Por iso, de acordo cos razoamentos expostos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, resulta conveniente modificar o artigo 19.5, suprimindo o límite de idade para solicitar autorizacións de novas oficinas de farmacia e participar nos concursos públicos de adxudicación das autorizadas, eliminando así calquera dúbida sobre a constitucionalidade do dito precepto.

Artigo único. Reforma do articulado da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica.

Modifícase o artigo 19.5 da Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, que queda redactado como segue:

“Artigo 19.5

En ningún caso poden solicitar a adxudicación dunha nova oficina de farmacia os titulares dunha oficina de farmacia instalada na mesma zona farmacéutica na que se pretenda abrir a nova.”

Disposición derogatoria

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao establecido nesta lei.

Disposición derradeira única

Esta lei entra en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2006

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

Ley de modificación de la Ley 5/1999, de 21 de mayo, de ordenación farmacéutica

Exposición de motivos

La Ley 5/1999, de 21 de mayo, de ordenación farmacéutica, publicada en el *Diario Oficial de Galicia* número 99, de 26 de

mayo, tiene por objeto la ordenación y regulación de la atención farmacéutica en el ámbito de nuestra Comunidad Autónoma, en desarrollo de los artículos 28.8 y 33 del Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado por la Ley orgánica 1/1981, de 6 de abril, sin perjuicio de la competencia estatal atribuida por el artículo 149.1.16 de la Constitución española respecto al establecimiento y la coordinación general de la sanidad, así como a la legislación sobre productos farmacéuticos.

En su artículo 19 dicha ley regula las autorizaciones de las oficinas de farmacia, estableciendo un procedimiento que se ajustará a lo dispuesto en la misma, a las normas generales de procedimiento administrativo y a lo que se establezca reglamentariamente en esta materia. El procedimiento de autorización puede iniciarse a instancia de un farmacéutico interesado, a petición de los ayuntamientos o los colegios oficiales o de oficio por la Consellería de Sanidad.

Dispone el número 4 que las oficinas de farmacia se otorgarán por concurso público, con arreglo al baremo y procedimiento que reglamentariamente se establezca, y en el que necesariamente habrá de tenerse en cuenta la experiencia profesional, los méritos académicos, la formación postgraduada, el conocimiento de la lengua gallega, las medidas de fomento, mantenimiento y creación de empleo y cualquier otro que se determine, tratándose en todo caso de un baremo equilibrado.

En el número 5 contempla la imposibilidad de solicitar una autorización de una nueva oficina de farmacia por parte de los farmacéuticos que hayan cumplido 65 años al inicio del procedimiento y por los titulares de una oficina de farmacia instalada en la misma zona farmacéutica.

En desarrollo de esta ley se dictó el Decreto 146/2001, de 7 de junio, sobre planificación, apertura, traslado, cierre y transmisión de oficinas de farmacia, que dedica el título II al procedimiento de autorización y adjudicación de nuevas oficinas de farmacia. En el artículo 22.4 dispone que en ningún caso pueden solicitar la adjudicación de una oficina de farmacia los farmacéuticos que tuviesen 65 años o más en la fecha de la convocatoria del concurso de adjudicación ni los titulares de una oficina de farmacia en la zona farmacéutica en la que se pretenda abrir la nueva, ni tampoco aquéllos que estén inhabilitados o incapacitados para el ejercicio de la profesión por sentencia judicial firme penal o civil.

Contra dicho precepto la Federación de Empresarios Farmacéuticos de Galicia presentó recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia. Tras la deliberación del Recurso número 4787/2001, el órgano jurisdiccional, tras oír a las partes, a través del Auto de 2 de diciembre de 2004 decidió formular al Tribunal Constitucional una cuestión de inconstitucionalidad en relación con el número 5 del artículo 19 de la Ley 5/1999, de 21 de mayo, de ordenación farmacéutica, por posible vulneración del artículo 14 de la Constitución. Se debate en esta cuestión si la limitación por edad para participar en el concurso público de adjudicación lesiona el derecho fundamental a la igualdad reconocido en el artículo 14 de la Constitución. El Tribunal considera que, aunque la edad no es una de las circunstancias enunciadas en el artículo 14, no debe entenderse que la enumeración efectuada en dicho artículo tiene una intención tipificadora cerrada que pueda excluir otras de las precisadas en el artículo 14, pues en la fórmula empleada en el mismo alude a cualquier otra condición o circunstancia personal o social. Asimismo, estima que el artículo en cuestión establece una prohibición con carácter general y no referida a concretas oficinas de farmacia, en las que pudiesen concurrir determinadas circunstancias singulares, razón por la que también podría entrañar una vulneración del principio de igualdad.

Por ello, de acuerdo con los razonamientos expuestos por el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, resulta conveniente modificar el artículo 19.5, suprimiendo el límite de edad para solicitar autorizaciones de nuevas oficinas de farmacia y participar en los concursos públicos de adjudicación de las autorizadas, eliminando así cualquier duda sobre la constitucionalidad de dicho precepto.

Artículo único. Reforma del articulado de la Ley 5/1999, de 21 de mayo, de ordenación farmacéutica.

Se modifica el artículo 19.5 de la Ley 5/1999, de 21 de mayo, de ordenación farmacéutica, que queda redactado como sigue:

“Artículo 19.5

En ningún caso pueden solicitar la adjudicación de una nueva oficina de farmacia los titulares de una oficina de farmacia instalada en la misma zona farmacéutica en la que se pretenda abrir la nueva.”

Disposición derogatoria

Quedan derogadas las disposiciones de igual o inferior rango que se opongan a lo establecido en la presente ley.

Disposición final única

La presente ley entra en vigor al día siguiente de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2006

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

Lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia

O Parlamento de Galicia, na sesión do día 21 de novembro de 2006, aprobou a Lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2006

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

Lei de creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia

Exposición de motivos

A informática foise constituíndo, ao longo das últimas décadas, como unha rama de importancia crecente e independente. Nace como disciplina académica, en 1969, coa creación do Instituto de Informática, baixo a dependencia do Ministerio de Educación e Ciencia, ao se considerar que para o correcto exercicio profesional era preciso a obtención previa de formación técnica e profesional.

A través do Decreto 327/1976, do 26 de febreiro, establécese a necesidade de que as ensinanzas en informática se desenvolvan a través da educación universitaria e da formación profesional. Os reais decretos 1460/1990 e 1461/1990, do 26

de outubro, estableceron, respectivamente, os títulos universitarios oficiais de enxeñaría técnica en informática de xestión e de enxeñaría técnica en informática de sistemas, e aprobaron as directrices xerais propias dos plans de estudos conducentes á súa obtención. Posteriormente, a titulación da diplomatura en informática foi homologada á da enxeñaría técnica en informática polo Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro.

As ensinanzas que se cursan para a obtención do título oficial procuran unha formación adecuada nas bases teóricas e nas tecnoloxías propias desta enxeñaría.

A Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de Galicia e mais a Delegación en Galicia da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática presentaron unha solicitude conxunta para a creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, co que se complementa así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia ditou, en virtude da devandita competencia, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11, a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

A importancia da informática en canto aplicación para o mellor desenvolvemento da calidade de vida, a súa influencia e importancia nas transaccións económicas, na sinatura electrónica ou na protección de datos contidos en ficheiros

informáticos e noutras moitas aplicacións, en campos tan relevantes coma o da medicina, fan que quede xustificado o interese público que se esixe para a constitución dun colexio profesional.

Coa creación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia garantírase que o exercicio desta profesión se axuste ás normas e ás regras que aseguren tanto a eficacia coma a eventual responsabilidade en tal exercicio, e polo tanto queda así garantida a finalidade última que é a protección dos dereitos dos cidadáns e das cidadás.

Por todo o exposto, considérase oportuna e necesaria a creación deste colexio profesional, logo da apreciación por parte do Goberno autonómico do interese público respecto das actividades profesionais que engloba a enxeñaría técnica en informática, nas que o seu exercicio está condicionado á posesión do título oficial da diplomatura ou da enxeñaría técnica en informática, que acredita a cualificación e habilita legalmente para o seu exercicio.

A lei divídese nunha exposición de motivos; tres artigos, titulados respectivamente obxecto, ámbito territorial e ámbito persoal; unha disposición adicional; dúas disposicións transitorias, e unha disposición derradeira.

Artigo 1.- Obxecto

Créase o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia como corporación de dereito público, con personalidade propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que lle son propios, e o exercicio das súas funcións desde o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno.

Artigo 2.- Ámbito territorial

O ámbito de actuación do colexio é o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3.- Ámbito persoal

1. Poderanse integrar no Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia todas aquelas persoas que estean en posesión do título da diplomatura ou da enxeñaría técnica en informática obtido de conformidade co disposto

nos reais decretos 1460/1990 e 1461/1990, do 26 de outubro, e no Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro, ou de título estranxeiro equivalente debidamente homologado.

2. Será requisito para exercer a profesión de enxeñaría técnica en informática no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a incorporación ao Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia cando o domicilio profesional único ou principal radique nesta Comunidade Autónoma.

Artigo 4.- Do uso do galego nas comunicacións

O colexio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións externas e internas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e a regulación de normalización lingüística.

Disposición adicional.- Sobre a colexación obrigatoria

Quedan exceptuadas da incorporación obrigatoria ao Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia aquelas persoas profesionais tituladas vinculadas coa administración pública mediante relación de servizos de carácter administrativo ou laboral, para o exercicio de funcións puramente administrativas e para a realización de actividades propias da correspondente profesión por conta da administración á que pertencen, cando o destinatario inmediato daquelas sexa esa administración.

Disposición transitoria primeira.- Designación da comisión xestora e aprobación duns estatutos provisionais

A Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática de Galicia e mais a Delegación en Galicia da Asociación de Doutores, Licenciados e Enxeñeiros en Informática designarán unha comisión xestora cunha representación equilibrada de mulleres e homes que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará uns estatutos provisionais do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia. Nos citados estatutos deberase regular a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, da que formarán parte todas as persoas profesionais que, consonte o disposto nesta lei, ou nos casos que excepcional e transitoriamente se establezan, poidan adquirir a condición de colexiadas.

A convocatoria da asemblea constituínte deberase anunciar, como mínimo, con vinte días de antelación no *Diario Oficial de Galicia* e en dous xornais dos de maior difusión de Galicia.

Disposición transitoria segunda.- Aprobación definitiva dos estatutos

1. A asemblea constituínte, no prazo de seis meses desde a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia, e elixirá os membros dos órganos colexiais de goberno.

2. Os devanditos estatutos, logo de seren aprobados, xunto coa acta da asemblea constituínte, remitiráselle á consellería competente en materia de colexios profesionais para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, aprobación que será competencia do Consello da Xunta de Galicia, e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o decreto aprobatorio e os correspondentes estatutos.

Disposición derradeira.- Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2006

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

Ley de creación del Colegio Profesional de Ingeniería Técnica en Informática de Galicia

Exposición de motivos

La informática ha ido constituyéndose, a lo largo de las últimas décadas, en una rama de importancia creciente e independente. Nace como disciplina académica, en 1969, con la creación del Instituto de Informática, bajo la dependencia del Ministerio de Educación y Ciencia, al considerarse que para el correcto ejercicio profesional era preciso la obtención previa de formación técnica y profesional.

A través del Decreto 327/1976, de 26 de febrero, se establece la necesidad de que las enseñanzas en informática se des-

arrollen a través de la educación universitaria y la formación profesional. Los reales decretos 1460/1990 y 1461/1990, de 26 de octubre, establecieron, respectivamente, los títulos universitarios oficiales de ingeniería técnica en informática de gestión y de ingeniería técnica en informática de sistemas, y aprobaron las directrices generales propias de los planes de estudios conducentes a su obtención. Posteriormente, la titulación de la diplomatura en informática fue homologada a la de la ingeniería técnica en informática por el Real decreto 1954/1994, de 30 de septiembre.

Las enseñanzas que se cursan para la obtención del título oficial procuran una formación adecuada en las bases teóricas y las tecnologías propias de esta ingeniería.

La Asociación de Doctores, Licenciados e Ingenieros en Informática de Galicia y la Delegación en Galicia de la Asociación de Doctores, Licenciados e Ingenieros en Informática presentaron una solicitud conjunta para la creación del Colegio Profesional de Ingeniería Técnica en Informática de Galicia.

De acuerdo con lo establecido en el artículo 150.2 de la Constitución española, la Ley orgánica 16/1995, de 27 de diciembre, de transferencia de competencias a la Comunidad Autónoma gallega, transfiere en el marco de la legislación básica del Estado el desarrollo legislativo y la ejecución en materia de corporaciones de derecho público representativas de intereses económicos y profesionales, complementando así el ámbito competencial determinado en el artículo 27.29 del Estatuto de autonomía de Galicia.

La transferencia en materia de colegios oficiales o profesionales se hizo efectiva a través del Real decreto 1643/1996, de 5 de julio, y se asumió por el Decreto 337/1996, de 13 de septiembre, de la Xunta de Galicia.

La Comunidad Autónoma de Galicia dictó, en virtud de dicha competencia, la Ley 11/2001, de 18 de septiembre, de colegios profesionales de la Comunidad Autónoma de Galicia. De acuerdo con su artículo 11, la creación de colegios profesionales, en el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia, se hará por ley del Parlamento gallego.

La importancia de la informática en cuanto aplicación para el mejor desarrollo de la calidad de vida, su influencia e impor-

tancia en las transacciones económicas, la firma electrónica o la protección de datos contenidos en ficheros informáticos y otras muchas aplicaciones, en campos tan relevantes como el de la medicina, hacen que quede justificado el interés público que se exige para la constitución de un colegio profesional.

Con la creación del Colegio Profesional de Ingeniería Técnica en Informática de Galicia se garantizará que el ejercicio de esta profesión se ajuste a las normas y reglas que aseguren tanto la eficacia como la eventual responsabilidad en tal ejercicio, quedando por tanto así garantizada la finalidad última que es la protección de los derechos de los ciudadanos y ciudadanas.

Por todo lo expuesto, se considera oportuna y necesaria la creación de este colegio profesional, después de la apreciación por parte del Gobierno autonómico del interés público respecto a las actividades profesionales que engloba la ingeniería técnica en informática, en las cuales su ejercicio está condicionado a la posesión del título oficial de la diplomatura o la ingeniería técnica en informática, que acredita la calificación y habilita legalmente para el ejercicio de la misma.

La ley se divide en una exposición de motivos; tres artículos, titulados respectivamente objeto, ámbito territorial y ámbito personal; una disposición adicional, dos disposiciones transitorias, y una disposición final.

Artículo 1.- Objeto

Se crea el Colegio Profesional de Ingeniería Técnica en Informática de Galicia como corporación de derecho público, con personalidad propia y plena capacidad de obrar para el cumplimiento de sus fines, que le son propios, y el ejercicio de sus funciones desde el momento en que se constituyan sus órganos de gobierno.

Artículo 2.- Ámbito territorial

El ámbito de actuación del colegio es el territorio de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Artículo 3.- Ámbito personal

1. Podrán integrarse en el Colegio Profesional de Ingeniería Técnica en Informática de Galicia todas aquellas personas

que estén en posesión del título de la diplomatura o la ingeniería técnica en informática obtenido conforme a lo dispuesto en los reales decretos 1460/1990 y 1461/1990, de 26 de octubre, y en el Real decreto 1954/1994, de 30 de septiembre, o de título extranjero equivalente debidamente homologado.

2. Será requisito para ejercer la profesión de ingeniería técnica en informática en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Galicia la incorporación al Colegio Profesional de Ingeniería Técnica en Informática de Galicia cuando el domicilio profesional único o principal radique en esta Comunidad Autónoma.

Artículo 4.- Del uso del gallego en las comunicaciones

El colegio procurará y fomentará el uso del gallego en todas sus comunicaciones externas e internas, según lo establecido en el Estatuto de autonomía de Galicia y la regulación de normalización lingüística.

Disposición adicional.- Sobre la colegiación obligatoria

Quedan exceptuadas de la incorporación obligatoria al Colegio Profesional de Ingeniería Técnica en Informática de Galicia aquellas personas profesionales tituladas vinculadas con la administración pública mediante relación de servicios de carácter administrativo o laboral, para el ejercicio de funciones puramente administrativas y para la realización de actividades propias de la correspondiente profesión por cuenta de la administración a que pertenezcan, cuando el destinatario inmediato de las mismas sea esa administración.

Disposición transitoria primera.- Designación de la comisión gestora y aprobación de unos estatutos provisionales

La Asociación de Doctores, Licenciados e Ingenieros en Informática de Galicia y la Delegación en Galicia de la Asociación de Doctores, Licenciados e Ingenieros en Informática designarán una comisión gestora con una representación equilibrada de mujeres y hombres que, en el plazo de seis meses a partir de la entrada en vigor de la presente ley, aprobará unos estatutos provisionales del Colegio Profesional de Ingeniería Técnica en Informática de Galicia. En los citados estatutos habrá de regularse la convocatoria y funcionamiento de la asamblea colegial constituyente, de la que for-

marán parte todas las personas profesionales que, con arreglo a lo dispuesto en la presente ley, o en los casos que excepcional y transitoriamente se establezcan, puedan adquirir la condición de colegiadas.

La convocatoria de la asamblea constituyente habrá de anunciarse, como mínimo, con veinte días de antelación en el *Diario Oficial de Galicia* y en dos periódicos de los de mayor difusión de Galicia.

Disposición transitoria segunda.- Aprobación definitiva de los estatutos

1. La asamblea constituyente, en el plazo de seis meses desde la aprobación de los estatutos provisionales, elaborará y aprobará los estatutos definitivos del Colegio Profesional de Ingeniería Técnica en Informática de Galicia, y elegirá a los miembros de los órganos colegiales de gobierno.

2. Dichos estatutos, después de haber sido aprobados, junto con el acta de la asamblea constituyente, se remitirán a la consejería competente en materia de colegios profesionales a los efectos de la aprobación definitiva de los mismos, previa calificación de su legalidad, aprobación que será competencia del Consejo de la Xunta de Galicia, publicándose en el *Diario Oficial de Galicia* el decreto aprobatorio y los correspondientes estatutos.

Disposición final.- Entrada en vigor

La presente ley entrará en vigor a los veinte días de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de noviembre de 2006

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

1. Procedimientos de naturaleza normativa

1.1. Leis e outras normas

1.1.1. Leis

Lei de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia

O Parlamento de Galicia, na sesión do día 21 de novembro de 2006, aprobou a Lei de creación do Colexio Profesional

de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2006

Dolores Villarino Santiago
Presidenta

Lei de creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia

Exposición de motivos

A través do Real decreto 1297/1995, do 21 de xullo, establécense os títulos de técnico ou técnica superior de artes plásticas e deseño en bixería artística, en xoiaría artística e en ourivaría e prataría artísticas, pertencentes á familia profesional da xoiaría de arte, e apróbanse as correspondentes ensinanzas mínimas. Pola súa parte, o Real decreto 1298/1995, do 21 de xullo, establece os títulos de técnico ou técnica de artes plásticas e deseño en procedemento de ourivaría e prataría, en moldeado e fundición de obxectos de ourivaría, en xoiaría e bixería artísticas, en procedemento de xoiaría artística, en gravado artístico sobre metal, en engastado e en damasquinado, pertencentes á familia profesional da xoiaría de arte, e aproba as correspondentes ensinanzas mínimas. A través do Real decreto 498/2003, do 2 de maio, establécese o título de técnico ou técnica en xoiaría e as correspondentes ensinanzas comúns.

En canto á profesión de xemoloxía, os títulos da Escola de Xemoloxía da Universidade de Barcelona e da Escola Profesional de Xemoloxía da Universidade Autónoma de Madrid habilitan para exercer esta profesión.

A creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia foi solicitada pola Federación Galega de Xoiaría, Prataría e Reloxaría, e terá como fins esenciais a ordenación do exercicio da profesión dentro do marco legal respectivo, a representación dela e a defensa dos intereses profesionais das persoas colexiadas.

De acordo co establecido no artigo 150.2 da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de

transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfírese no marco da lexislación básica do Estado o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, co que se complementa así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia.

A Comunidade Autónoma de Galicia ditou, en virtude da devandita competencia, a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia. De acordo co seu artigo 11, a creación de colexios profesionais, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, farase por lei do Parlamento galego.

As actividades profesionais de xoiaría, ourivaría, prataría, reloxaría e xemoloxía caracterízanse pola especial e delicada natureza das materias primas utilizadas, metais e pedras preciosas, que a experiencia nos leva a comprobar que dá lugar á realización de determinadas prácticas ilegais e de falsidades.

Sempre houbo un interese público en que as actividades relacionadas cos metais e coas pedras preciosas quedasen baixo o control especial das administracións públicas, e tamén se propiciou o control interno do sector, como garantía para os cidadáns e cidadás ante as aliaxes non permitidas ou as falsidades nas pedras preciosas, e como medio para evitar o comercio de obxectos roubados.

Coa creación do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia garantírase que o exercicio desta profesión se axuste ás normas e ás regras que aseguren tanto a eficacia coma a eventual responsabilidade en tal exercicio, e polo tanto a finalidade última, que é a protección dos dereitos e intereses dos cidadáns e das cidadás.

Por todo o exposto, considérase oportuna e necesaria a creación deste colexio profesional, logo da apreciación por parte do Goberno autonómico do interese público respecto das actividades profesionais que engloban a xoiaría, a ouri-

varía, a prataría, a reloxaía e a xemoloxía na Comunidade Autónoma galega, nas que o seu exercicio está condicionado á posesión dos correspondentes títulos, que acrediten a cualificación e habiliten legalmente para o seu exercicio.

A lei divídese nunha exposición de motivos; catro artigos, titulados respectivamente obxecto, ámbito territorial, ámbito persoal e obrigatoriedade de colexiación; tres disposicións transitorias, e unha disposición derradeira.

Artigo 1.- Obxecto

Créase o Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia como corporación de dereito público, con personalidade propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que lle son propios, e o exercicio das súas funcións desde o momento no que se constitúan os seus órganos de goberno.

Artigo 2.- Ámbito territorial

O colexio profesional desenvolverá a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3.- Ámbito persoal

Poderanse integrar no Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia todas aquelas persoas que estean en posesión dalgún dos seguintes títulos:

1. Técnico ou técnica superior de artes plásticas e deseño en bixería artística, en xoiaría artística e en ourivaría e prataría artísticas, pertencentes á familia profesional da xoiaría de arte, establecidos no Real decreto 1297/1995, do 21 de xullo.

2. Técnico ou técnica de artes plásticas e deseño en procedemento de ourivaría e prataría, en moldeado e fundición de obxectos de ourivaría, en xoiaría e bixería artísticas, en procedemento de xoiaría artística, en gravado artístico sobre metal, en engastado e en damasquinado, pertencentes á familia profesional da xoiaría de arte, títulos establecidos no Real decreto 1298/1995, do 21 de xullo.

3. Técnico ou técnica en xoiaría, establecido no Real decreto 498/2003, do 2 de maio.

4. Títulos académicos oficiais en xemoloxía expedidos polas escolas desa materia da Universidade de Barcelona, da Universidade Autónoma de Madrid ou de calquera outra do Estado español que os expida no futuro.

Así mesmo, calquera título español ou estranxeiro equivalente verificado ou homologado, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria terceira desta lei.

Artigo 4.- Obrigatoriedade da colexiación

Será requisito para exercer a profesión de xoiaría, ourivaría, prataría, reloxaía e xemoloxía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a incorporación ao Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia cando o establecemento no que se exerza radique nesta Comunidade Autónoma.

Artigo 5.- Do uso do galego nas comunicacións

O colexio procurará e fomentará o uso do galego en todas as súas comunicacións externas e internas, segundo o establecido no Estatuto de autonomía de Galicia e a regulación de normalización lingüística.

Disposición transitoria primeira.- Designación da comisión xestora e aprobación duns estatutos provisionais

1. As asociacións de xoiaría, ourivaría, prataría, reloxaía e xemoloxía con representación en Galicia designarán unha comisión xestora que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobará uns estatutos provisionais do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia. Nos citados estatutos deberase regular a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, da que formarán parte todas as persoas profesionais que, conforme o disposto nesta lei, poidan adquirir a condición de colexiadas.

A convocatoria da asemblea constituínte deberase anunciar, como mínimo, con vinte días de antelación no *Diario Oficial de Galicia* e en dous xornais dos de maior difusión de Galicia.

2. A comisión xestora constituirase en comisión de habilitación para facultar, se é o caso, as persoas profesionais que non teñan o título preceptivo e que están incluídas no

suposto da disposición transitoria terceira e soliciten a incorporación ao colexio.

Disposición transitoria segunda.- Aprobación definitiva dos estatutos

1. A asemblea constituínte, no prazo de seis meses desde a aprobación dos estatutos provisionais, elaborará e aprobará os estatutos definitivos do Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia, elixirá os membros dos órganos de goberno do colexio e asegurará unha representación equilibrada dos sexos.

2. Os citados estatutos, logo de seren aprobados, xunto coa acta da asemblea constituínte, remitiráselle á consellaría competente en materia de colexios profesionais para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da cualificación da súa legalidade, aprobación que será competencia do Consello da Xunta de Galicia, e publicarase no *Diario Oficial de Galicia* o decreto aprobatorio e os correspondentes estatutos.

Disposición transitoria terceira.- Integración no colexio profesional

Transitoriamente poderanse integrar no Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia aquelas persoas profesionais que, sen estar en posesión dos títulos preceptivos, o soliciten dentro dos dous anos seguintes á entrada en vigor desta lei e que acrediten de forma fidedigna ante a comisión de habilitación o exercicio da profesión cun mínimo de tres anos de experiencia.

Disposición derradeira.- Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de novembro de 2006

Dolores Villarino Santiago

Presidenta

Ley de creación del Colegio Profesional de Joyería, Orfebrería, Platería, Relojería y Gemología de Galicia

Exposición de motivos

A través del Real decreto 1297/1995, de 21 de julio, se establecen los títulos de técnico o técnica superior de artes plás-

ticas y diseño en bisutería artística, en joyería artística y en orfebrería y platería artísticas, pertenecientes a la familia profesional de la joyería de arte, y se aprueban las correspondientes enseñanzas mínimas. Por su parte, el Real decreto 1298/1995, de 21 de julio, establece los títulos de técnico o técnica de artes plásticas y diseño en procedimiento de orfebrería y platería, en moldeado y fundición de objetos de orfebrería, en joyería y bisutería artísticas, en procedimiento de joyería artística, en grabado artístico sobre metal, en engastado y en damasquinado, pertenecientes a la familia profesional de la joyería de arte, y aprueba las correspondientes enseñanzas mínimas. A través del Real decreto 498/2003, de 2 de mayo, se establece el título de técnico o técnica en joyería y las correspondientes enseñanzas comunes.

En cuanto a la profesión de gemología, los títulos de la Escuela de Gemología de la Universidad de Barcelona y de la Escuela Profesional de Gemología de la Universidad Autónoma de Madrid habilitan para ejercer esta profesión.

La creación del Colegio Profesional de Joyería, Orfebrería, Platería, Relojería y Gemología de Galicia fue solicitada por la Federación Gallega de Joyería, Platería y Relojería, y tendrá como fines esenciales la ordenación del ejercicio de la profesión dentro del marco legal respectivo, la representación de la misma y la defensa de los intereses profesionales de las personas colegiadas.

De acuerdo con lo establecido en el artículo 150.2 de la Constitución española, la Ley orgánica 16/1995, de 27 de diciembre, de transferencia de competencias a la Comunidad Autónoma gallega, transfiere en el marco de la legislación básica del Estado el desarrollo legislativo y la ejecución en materia de corporaciones de derecho público representativas de intereses económicos y profesionales, complementando así el ámbito competencial determinado en el artículo 27.29 del Estatuto de autonomía de Galicia.

La transferencia en materia de colegios oficiales o profesionales se hizo efectiva a través del Real decreto 1643/1996, de 5 de julio, y se asumió por el Decreto 337/1996, de 13 de septiembre, de la Xunta de Galicia.

La Comunidad Autónoma de Galicia dictó, en virtud de dicha competencia, la Ley 11/2001, de 18 de septiembre, de cole-

gios profesionales de la Comunidad Autónoma de Galicia. De acuerdo con su artículo 11, la creación de colegios profesionales, en el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia, se hará por ley del Parlamento gallego.

Las actividades profesionales de joyería, orfebrería, platería, relojería y gemología se caracterizan por la especial y delicada naturaleza de las materias primas utilizadas, metales y piedras preciosas, que la experiencia nos lleva a comprobar que da lugar a la realización de determinadas prácticas ilegales y de falsedades.

Siempre ha habido un interés público en que las actividades relacionadas con los metales y las piedras preciosas quedaran bajo el control especial de las administraciones públicas, y también se ha propiciado el control interno del sector, como garantía para los ciudadanos y ciudadanas ante las aleaciones no permitidas o las falsedades en las piedras preciosas, y como medio para evitar el comercio de objetos robados.

Con la creación del Colegio Profesional de Joyería, Orfebrería, Platería, Relojería y Gemología de Galicia se garantizará que el ejercicio de esta profesión se ajuste a las normas y reglas que aseguren tanto la eficacia como la eventual responsabilidad en tal ejercicio, y por tanto la finalidad última, que es la protección de los derechos e intereses de los ciudadanos y ciudadanas.

Por todo lo expuesto, se considera oportuna y necesaria la creación de este colegio profesional, después de la apreciación por parte del Gobierno autonómico del interés público respecto a las actividades profesionales que engloban la joyería, la orfebrería, la platería, la relojería y la gemología en la Comunidad Autónoma gallega, en las cuales su ejercicio está condicionado a la posesión de los correspondientes títulos, que acrediten la calificación y habiliten legalmente para su ejercicio.

La ley se divide en una exposición de motivos; cuatro artículos, titulados respectivamente objeto, ámbito territorial, ámbito personal y obligatoriedad de colegiación; tres disposiciones transitorias, y una disposición final.

Artículo 1.- Objeto

Se crea el Colegio Profesional de Joyería, Orfebrería, Platería, Relojería y Gemología de Galicia como corpo-

ración de derecho público, con personalidad propia y plena capacidad de obrar para el cumplimiento de sus fines, que le son propios, y el ejercicio de sus funciones desde el momento en que se constituyan sus órganos de gobierno.

Artículo 2.- Ámbito territorial

El colegio profesional desarrollará su actividad en el ámbito territorial de la Comunidad Autónoma de Galicia.

Artículo 3.- Ámbito personal

Podrán integrarse en el Colegio Profesional de Joyería, Orfebrería, Platería, Relojería y Gemología de Galicia todas aquellas personas que estén en posesión de alguno de los siguientes títulos:

1. Técnico o técnica superior de artes plásticas y diseño en bisutería artística, en joyería artística y en orfebrería y platería artísticas, pertenecientes a la familia profesional de la joyería de arte, establecidos en el Real decreto 1297/1995, de 21 de julio.
2. Técnico o técnica de artes plásticas y diseño en procedimiento de orfebrería y platería, en moldeado y fundición de objetos de orfebrería, en joyería y bisutería artísticas, en procedimiento de joyería artística, en grabado artístico sobre metal, en engastado y en damasquinado, pertenecientes a la familia profesional de la joyería de arte, títulos establecidos en el Real decreto 1298/1995, de 21 de julio.
3. Técnico o técnica en joyería, establecido en el Real decreto 498/2003, de 2 de mayo.
4. Títulos académicos oficiales en gemología expedidos por las escuelas de esa materia de la Universidad de Barcelona, de la Universidad Autónoma de Madrid o de cualquier otra del Estado español que los expida en el futuro.

Asimismo, cualquier título español o extranjero equivalente verificado u homologado, sin perjuicio de lo establecido en la disposición transitoria tercera de la presente ley.

Artículo 4.- Obligatoriedad de la colegiación

Será requisito para exercer la profesión de joyería, orfebrería, platería, relojería y gemología en el ámbito de la Comunidad Autónoma de Galicia la incorporación al Colegio Profesional de Joyería, Orfebrería, Platería, Relojería y Gemología de Galicia cuando el establecimiento en que se ejerza radique en esta Comunidad Autónoma.

Artículo 5.- Del uso del gallego en las comunicaciones

